

PROMOCIÓN DA DOAZÓN DE SANGUE E ÓRGANOS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

GONZÁLEZ LAMAS, JESÚS¹; DÍAZ PREGO, CRISTINA¹; AZNAR CUADRADO, VIRGINIA²

¹ *CPR Plurilingüe Montesol (Vigo)*

² *Facultade de Formación do Profesorado. USC*

1. A doazón e o aprendizaxe-servizo

A doazón de órganos e tecidos é un acto altruísta e solidario que ten como obxectivo mellorar a calidade de vida dos enfermos que os necesitan. En España gozamos dunha situación privilexiada no relativo a doazón e transplante, xa que o noso Sistema Nacional de Saúde ofrece cobertura universal cun sistema de igualdade de oportunidades á hora de recibir calquera tipo de transplante. Presentamos, ademais, uns dos maiores niveis de doazóns no mundo. De acordo cos datos do Ministerio de Sanidade, e a pesar do descenso por mor da pandemia, España segue a ser líder en doazón de órganos cunha taxa de 40.2 doantes por millón de poboación en 2021, duplicando a taxa de doazón da Unión Europea, que é do 18.4 d.m.p. (Ministerio de Sanidad, 2022)

Tendo en conta este contexto, consideramos esta temática axeitada para elaborar diferentes propostas didácticas conectadas co currículo e dende unha perspectiva de aprendizaxe servizo.

Os proxectos de aprendizaxe-servizo permiten que os/as adolescentes aprendan facendo un servizo á comunidade e cheguen a ser cidadáns que provoquen cambios na sociedade, atendendo ás necesidades do entorno no que viven con intención de melloralo. Ademais, parecen conseguir unha actitude positiva cara a aprendizaxe, un maior desenvolvemento de habilidades sociais, de participación activa e capacidade crítica e reflexiva (Redondo-Corcobado y Fuentes, 2020).

O obxectivo desta proposta é promover actitudes positivas cara a doazón e os transplantes a través de actividades multidisciplinares de servizo á comunidade.

2. O noso proxecto

O proxecto de doazóns que presentamos está enmarcado dentro do Plan Proxecta+, en colaboración con ADOS (Axencia de Doazón de Órganos e Sangue) de Galicia. Trátase dunha secuencia de actividades interdisciplinares e de traballo colaborativo realizado por alumnado de Secundaria, con propostas de concienciación para toda a comunidade educativa e con campañas puntuais fóra deste contorno educativo como hospitais e asociacións de diferentes tipos.

Esta iniciativa ten xa un percorrido de sete cursos escolares. Ao longo destes anos propúxose unha liña de actuación de aprendizaxe-servizo que implicou á toda a comunidade educativa. Un dos obxectivos desta actuación é a dinamización dentro do propio Centro para todos os cursos e etapas (dende Educación Infantil ata Educación Secundaria). Cada curso escolar deseñouse arredor dun lema ou slogan: “Comparte, doa, vive, goza”; “Únete á nosa viaxe, doarás vida”; “A natureza é vida. O libro da sabedoría”, entre outros.

No ensino secundario, as actividades comúns a todos os cursos foron as sesións de conferencias participativas a cargo tanto de persoal de ADOS como de testemuñas reais de persoas

transplantadas, en concreto da organización ALCER. En colaboración con ADOS, a unidade móbil de doazón de sangue visitou as instalacións do Centro para que todo o barrio puidese achegarse a doar ou a informarse. Arredor desta actividade desenvolveuse unha serie de accións de difusión e promoción tanto impresas como dixitais na web do Colexio e nas Redes Sociais.

Dende a materia de Bioloxía e Xeoloxía traballáronse os contidos curriculares referidos a os órganos do corpo humano e o seu coidado, reflexionando sobre os que poden ser doados a través de pequenas investigacións e traballando en grupos cooperativos.

Na materia de Tecnoloxía o alumnado desenvolveu proxectos con diferentes materiais, preferentemente de reciclaxe. Algúns dos produtos finais expuxéronse no Hospital público Álvaro Cunqueiro na propia entrada e na área de pediatría. Tamén se utilizou a impresora 3D para o deseño e fabricación de modelos de órganos.

Na materia de promoción de Estilos de Vida saudables leváronse a cabo actividades de investigación e deseño de materiais didácticos tanto para os compañeiros e compañeiras de outros cursos como para fóra do Colexio (hospitais e asociacións).

Na materia de Lingua Castelá e Literatura deseñáronse anuncios, pósters, analizáronse entrevistas e noticias relacionadas todas elas coa doazón.

Ademais de todas estas iniciativas, anualmente édítase un boletín de recompilación de todas as actividades deste proxecto de doazóns ao que se lle dá difusión tanto en formato físico como en formato dixital.

3. Algunhas reflexións

A cuestión da doazón e os transplantes non figura no currículo ata terceiro de Educación Secundaria e, sen embargo, con este proxecto todo o alumnado do centro está sensibilizado e posúe coñecementos básicos e actitudes positivas cara a esta temática. Estas aprendizaxes non so se limitan ao entorno educativo, senón que van máis aló implicando á sociedade máis próxima

Serven, ademais, para contextualizar os contidos curriculares en situacións reais integrando diferentes materias e ámbitos, permitindo que o alumnado tome a iniciativa nos seus procesos de aprendizaxe con autonomía e creatividade e permitindo o desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes.. Estes procesos están conectados coa competencia de aprender a aprender e coas aprendizaxes ao longo da vida.

4. Referencias

Ministerio de Sanidad (2022). Darias destaca el liderazgo de España en materia de donación y trasplantes de órganos, con una tasa que duplica la europea. <https://www.sanidad.gob.es/gabinete/notasPrensa.do?id=5745>

Redondo-Corcobado, P e Fuentes, J.L. (2020). La investigación sobre el Aprendizaje-Servicio en la producción científica española: una revisión sistemática. *Revista Complutense de Educación*, 24 (4): 69-83. <https://doi.org/10.5209/rced.61836>